

RESOLUCIÓN DO 14 DE XULLO DE 2020 POLA QUE SE ENCARGA Á SOCIEDADE REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. A XESTIÓN DE DETERMINADOS PROXECTOS DA ÁREA DE SOCIEDADE DIXITAL DA AMTEGA.

PRIMEIRO.- Que, segundo o artigo 6 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade Dixital en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

SEGUNDO.- Segundo o establecido nos seus Estatutos, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, estrutúrase en áreas para o exercicio das súas funcións, áreas entre as que figura a de Sociedade Dixital á que lle corresponden as seguintes funcións:

- a) A planificación relativa ás competencias da Amtega en materia da sociedade da información e o coñecemento e a súa coordinación cos programas estatais e internacionais.
- b) Planificación e coordinación das actuacións e accións estratéxicas destinadas a promover a implantación das novas tecnoloxías da sociedade da información en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma galega.
- c) Proposta de normativas relativas ao exercicio das competencias da Amtega en materia da sociedade da información.
- d) O fomento e apoio de iniciativas e proxectos para a innovación tecnolóxica e o emprendemento en materia das tecnoloxías da información e comunicacións, en colaboración cos departamentos e institucións con competencias en innovación tecnolóxica.
- e) Promover accións, proxectos e programas tendentes a cohesionar territorial e socialmente Galicia mediante a eliminación da fenda dixital.
- f) Planificar e coordinar, coa colaboración dos departamentos e institucións con competencias en programas de formación, programas destinados a elevar o coñecemento da



ciudadanía no uso das novas tecnoloxías, particularmente daqueles colectivos en risco de exclusión social.

g) Planificar e coordinar os proxectos e programas da Xunta de Galicia que teñan o obxecto de incrementar a empregabilidade grazas ao desenvolvemento das capacidades tecnolóxicas que derivan do uso das TIC.

h) Actuar como órgano de coordinación e participación de organismos, centros, entidades e institucións públicas e privadas en materia da Sociedade da información, no ámbito competencial da Xunta de Galicia.

i) Promover, planificar e coordinar proxectos de innovación que contén co financiamento de fondos e transferencias doutras administracións e organismos, e que a Xunta de Galicia destine á promoción das actividades previstas nas alíneas anteriores.

j) Planificación e coordinación das funcións atribuídas ao Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Osimga).

k) A orientación estratéxica, avaliación e control dos resultados da actividade do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Osimga).

TERCEIRO.- A Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, (en adiante Retegal) foi creada mediante o Decreto 58/1997, do 20 de febreiro e queda adscrita, de conformidade co Decreto 252/2011, do 15 de decembro, á Amtega, a través da Área de Infraestruturas e Telecomunicacións. Retegal é unha sociedade mercantil pública autonómica, pertencente ao sector público autonómico da Xunta de Galicia, que ten por obxecto, con carácter xeral, a realización, por si ou a través de terceiros, da xestión e mantemento das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicación institucionais en Galicia.

CUARTO.- Con data 14 de xullo de 2020 quedará vacante, por cese da súa titular, o posto de directora da área de Sociedade Dixital da Amtega. O progresivo incremento do número de actuacións xestionadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia na área de Sociedade Dixital, co conseguinte aumento das tarefas relacionadas co seguimento, avaliación, control e coordinación destas, así como os prazos derivados do proceso de



selección e nomeamento dun/dunha novo/a titular da área de Sociedade Dixital aconsellan, por razóns de eficacia na súa actuación, encargar a RETEGAL S.A, a través do coordinador/responsable da encomenda, a coordinación, seguimento, asesoramento e asistencia técnica á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de determinados proxectos da área de Sociedade Dixital da Amtega que figuran no anexo desta resolución mentres a dirección desta permaneza vacante ata o momento do nomeamento novo/a titular a través do procedemento regulamentariamente establecido, sen prexuízo de que a xestión administrativa e contable dos asuntos da dita área sexan asumidos polos órganos que se determinen mediante resolución da dirección desta axencia pública autonómica.

QUINTO.- Segundo o artigo 10 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, poderá encargarse a realización de tarefas a entidades de dereito privado que reúnan a condición de medio propio da Administración ou entidade pública encargante mediante resolución unilateral do órgano que se determine conforme o artigo 47 desta lei.

Así mesmo, de conformidade co artigo 47.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o carácter de medios propios instrumentais e servizos técnicos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comporta para as entidades, de acordo co previsto na lexislación de contratos do sector público, a obriga de executar as encomendas ou os encargos que os poderes adjudicadores que os controlan e os seus medios propios lle realicen dentro do ámbito do seu obxecto social e nos termos fixados nos seus estatutos.

A través do Decreto 352/2009, de 2 de xullo, declárase como medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia á sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., e se modifican o seus estatutos.

SEXTO. A vixencia deste encargo rematará no momento do momento do nomeamento novo/a titular da área de Sociedade Dixital da Amtega a través do procedemento regulamentariamente establecido, e en todo caso no prazo máximo de catro meses.

Corresponde á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a prerrogativa de interpretación de presente encargo así como a de resolver as posibles controversias que poidan xurdir en canto á súa execución.



SÉTIMO.- A Amtega poderá designar un responsable da encargo ao que lle corresponderá, se é caso, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación, dentro do ámbito de facultades que a Amtega lle atribúa.

O director/xerente de RETEGAL exercerá como coordinador/responsable do encargo por parte da entidade encomendada.

OITAVO.- RETEGAL someterase ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Con base nas consideracións anteriores, D<sup>a</sup>. Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

#### **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Encargar a RETEGAL S.A., a través do coordinador/responsable do encargo, a coordinación, seguimento, asesoramento e asistencia técnica á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de determinados proxectos da área de Sociedade Dixital da Amtega que figuran no anexo desta resolución mentres a dirección desta permaneza vacante ata o momento do nomeamento novo/a titular a través do procedemento regulamentariamente establecido, e en todo caso no prazo máximo de catro meses.



SEGUNDO.- O presente encargo encargo non implicará o exercicio de potestades administrativas nin de autoridade por parte de Retegal, sen que o mesmo implique cesión da titularidade de ningunha competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio.

TERCEIRO.- Este encargo non presenta unha estrutura de carácter oneroso, polo que Redes de Telecomunicación Galegas Retegal S.A., non percibirá contraprestación ningunha pola realización das actividades que constitúen o seu obxecto.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2020

A directora da Amtega

Mar Pereira Álvarez



## ANEXO

### Proxectos da área de Sociedade Dixital que son obxecto do encargo:

As tarefas encomendadas a RETEGAL, a través do responsable do encargo no marco do presente encargo son as seguintes:

Coordinación, seguimento, asesoramento e asistencia técnica á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia nos seguintes proxectos:

- Desenvolvemento do Plan Galicia 5G
- Desenvolvemento do Plan de Banda Larga
- Mellora de cobertura móbil en Galicia
- Proxecto de impulso e desenvolvemento do Centro GaiásTech
- Deseño, desenvolvemento, implementación e demostración dunha plataforma de experiencias tecnolóxicas interactivas no ámbito formativo para nenas e nenos entre 6 e 16 anos.
- Desenvolvemento do Plan de fomento do Talento Dixital
- Proxecto de deseño da Axenda Dixital de Galicia 2030
- Desenvolvemento do Plan de fomento do Software Libre
- Desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital- Rede CeMIT

